

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Sesións Plenarias
2019/G010/000013

**DNA. ANA RAMOS RAMOS, SECRETARIA XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO
(A CORUÑA)**

C E R T I F I C A:

Que polo Pleno da Corporación, en sesión Extraordinaria celebrada o 4 de xullo de 2019, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

"5. ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.-

Dase conta ao Pleno da Corporación da seguinte proposta:

"Proposta de Acordo

Secretaría Xeral
Exp. 2019/G006/000415

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ASIGNACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS

O artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que o Pleno da Corporación, con cargo ós Orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, de selo caso, se estableza con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar cunha contabilidade específica da dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

Nos mesmos termos se regula no artigo 55, apartados cuarto e quinto, do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Arteixo, asimesmo, terase en conta o que ao respecto indiquen as bases de execución do orzamento municipal.

En atención á dita normativa é polo que se propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO.- Asignar a cada un dos Grupos Políticos do Concello de Arteixo unha dotación económica fixa mensual de 100,00 €, aboable trimestralmente.

Asignar a cada un dos grupos políticos do concello de Arteixo, unha dotación económica variable por número de concelleiro/a, atendendo aos seguintes tramos:

200 euros por concelleiro ao mes para grupos políticos con número de concelleiros entre 1 e 3
125 euros por concelleiro ao mes para grupos políticos con número de concelleiros de 4 en diante.

A asignación variable por concelleiros será aboable trimestralmente.

Os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais desta, na que se reflectirá a situación e xestión económica nos libros e rexistros adecuados, co fin de que en todo momento poida darse razón das operacións realizadas.

Admítese como xustificación dos gastos na Contabilidade municipal, a declaración responsable de cada portavoz, de aplicación dos fondos recibidos ás finalidades contempladas na normativa en vigor; esta declaración deberá emitirse, en todo caso, dentro do primeiro bimestre do exercicio seguinte á da xustificación dos gasto. Todo isto, sen prexuízo das obrigas formais sinaladas anteriormente de obrigado cumprimento e que estarán a disposición do Pleno, ou dos órganos de control interno, nos termos en aquel o aprobe, ou externo segundo a normativa vixente en cada momento. Non poderán destinarse, segundo a normativa vixente, ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que puideran constituir activos fixos de carácter patrimonial.

SEGUNDO.- As contías especificadas no punto anterior devengarase no mes seguinte a partir da entrada en vigor da modificación do regulamento orgánico municipal nesta materia, e serán imputadas á partida 912/489.00 do Orzamento municipal vixente.

Nos Orzamentos municipais anuais preverase crédito axeitado e suficiente para dar cobertura a este gasto, que será fiscalizado pola Intervención municipal.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal así como no portal de transparencia.

En Arteixo, documento asinado dixitalmente na data da e-sinatura polo Sr. Alcalde-Presidente."

Non formulándose intervencións por terse debatido tódolos asuntos conxuntamente ao inicio da sesión, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

12 PARTIDO POPULAR de Arteixo
6 PARTIDO SOCIALISTA de Arteixo

2 BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Arteixo
1 ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Arteixo

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE, os acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo, á data sinalada no documento electrónico por ambos, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.